

NOVO REQUIRIMENTO DA XUNTA DE GALICIA AO CONCELLO DE CUNTIS CON MOTIVO DOS INCUMPRIMENTOS EN MATERIA ECONÓMICA

- *En Cuntis o Periodo Medio de Pago a Provedores sitúase en 206 días, cando o límite legal está fixado en 30 días.*
- *A Dirección Xeral de Política Financeira vén de emitir un requirimento ao Concello de Cuntis con motivo desta situación, que só é unha parte da nefasta xestión económica do Goberno do PSOE.*

Cuntis, 28 de abril de 2021

Veciñanza vén alertando da caótica xestión económica que padece o Concello de Cuntis, a mans do goberno do PSOE. Así o veñen demostrando as liquidacións orzamentarias dos anos 2018 e 2019, e así o ratifican reiteradamente os informes dos servizos municipais de Secretaría e Intervención. **As contas do Alcalde Manuel Campos incumpren a regra fiscal de estabilidade orzamentaria, a regra de gasto, presentan un remanente de tesourería negativo e incumpren o Periodo Medio de Pago a Provedores.**

O prazo legal de pago a provedores para as administracións públicas está fixado en 30 días, e o atraso no pago de facturas en Cuntis situouse no 4º trimestre de 2020 nos 206 días. Este é o motivo do último apercibimento por parte da Xunta de Galicia do que vén de ser obxecto o Concello de Cuntis. Trátase dun requirimento da Dirección Xeral de Política Financeira que tivo entrada no Rexistro Municipal o pasado mes de marzo.

O PSOE conseguiu inchar en menos de seis anos unha débeda municipal que xa partía dunha situación lamentable logo da nefasta xestión económica do goberno do PP. O actual Goberno aséntase na propaganda indiscriminada omitindo os criterios básicos de prudencia na xestión, e as consecuencias rematarémolas pagando o conxunto dos veciños e veciñas de Cuntis. Existen **facturas pendentes de pago dende o ano 2017, e a citada Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta xa está a esixir medidas correctoras.**

O Concello de Cuntis está en situación de ter que implementar **plans de axuste económico**, e unicamente a decisión do Goberno do Estado de deixar en suspenso a aplicación das regras de estabilidade financeira por motivo da pandemia do coronavirus evitou que a nosa administración local tivese que someterse á tutela do Ministerio de Facenda.





A **opacidade** en materia económica é outra das características que marcan a xestión do actual Goberno Municipal. Neste ámbito non coñecemos fotografías nin publicacións en redes sociais, nin os grupos da oposición recibimos información. Neste sentido, a comunicación por parte do Grupo de Goberno é nula. Veciñanza seguirá traballando por informar sobre a situación real da xestión do concello de Cuntis, sacando á luz os datos e a documentación precisa que acrediten a realidade.

